



*IX - FESTA
DO
CALDO GALEGO*

ANNO - 2000

PREGON de :

D. ERNESTO CHÓ PINO

*Areales Mourente - 12 de Marzo de 2000
Pontevedra*

MOURENTE, 12 de marzo do 2.000

Moi bos días a todos, xentes de Mourente e forasteiros que coma min hoxe nos achegamos a esta terra pontevedresa para gozar desta novena festa do caldo galego.

Estes días os cómicos estamos de moda. Se observades os xornais non hai festa gastronómica, nin patroal ou de calquera outro tipo onde non haxa un cómico dando o pregón. ¿E por qué? Moi simple: porque estamos en eleccións e xa se sabe que durante este período de tempo os políticos están moi ocupados e teñen cousas más importantes que facer. E se non hai políticos ¿cal será a raza que máis se lles asemelle? Pois...naturalmente os cómicos, chamados tamén actores, porque se vos fixades ben os nosos oficios son moi parecidos.

Un actor ten que interpretar moitos papeis. O mesmo un día é Cyrano de Bergerac e o cabo de pouco tempo é o Arcebispo Xelmírez ou don Juan Tenorio. Ten que mudar de pel constantemente. Pero hai un "algo" que é común a hora de interpretar estes ou outros personaxes. E é que o actor nunha está a dicir a verdade, as palabras que saen pola sua boca non son suas. Alguén as escribiu e mandoullas dicir. Ou sexa que resumindo estamos a mentir constantemente. Os políticos pasalles un péuco do mesmo, por iso eu téñolle, ademáis de envexa, gran admiración porque son a miña competencia e teño que recoñecer con humildade que interpretan bastante mellor ca min.

E rematando este preambulo que en ningún momento quixo ser ofensivo, senón de eloxio, quixera dicirvos porque estou hoxe aquí. Certo é que me convidaron, pero en canto souben que se tratava da Festa do Caldo Galego, non o pensei máis, sobre todo andando polo medio o meu curman Suso Pino. E aceitei de seguido pola seguinte razón: eu son unha persoa a que lle gusta moito vivir, gústame a vida, o cal non quere dicir que sexa un vividor, que son cousas ben distintas, e o caldo e a vida, igual que os cómicos e os políticos, teñen moitas similitudes.

Para facer un bo caldo haille que botar un pouco de todo: cacheira de porco, algo de tenreira, a galiña, un pouco de unto, un bastante de grelos ou berzas, segundo os gustos, chourizos, unha ración de fabas e algunhas patacas. Tamén admite máis ingredientes, pero a

clave do éxito está en saber mestúralos e darlle a cocción debida. Se facemos isto ben de seguro que obteremos un bó caldo.

Para ter unha boa vida non hai máis que seguir a receita do caldo ó pe da letra. Collemos un pouco de diversión, un algo de traballo, unha boa ración de amor, un bastante de cariño, unha pinga de desgustos (non todas van ser cousas boas), unha cantidade suficiente de cartos, outro algo de vicios, e non me estou a referir soamente ó tabaco, uns kiliños de amizade e algún que outro ingrediente que se me poida esquecer, mesturamolo todo ben mesturado, poñémolo a ferver durante bastantes anos, e aposte o pescozo a que o final nos sairá unha vida de primeira.

E se temos a sorte de conseguir esta vida acompañados dunhas cuncas de caldo da mesma calidade, e poder disfrutar de ambalas duas cousas dentro desta nosa maravillosa terra, entón a felicidade xa é completa. Porque se ben é certo que temos unha terra e unhas xentes de "calidade indiscutible" non é menos certo que a nosa gastronomía non se lle queda atrás. Estes anos levan pasado por Galicia miles e miles de turistas. Din que veñen para ver a paisaxe, para coñecer Santiago e ganar o xubileo. Non lles fagades caso, minten descaradamente. Veñen para comer. E non llo reprocho, por que ¿en que outro sitio ian encontrar un caldo, un cocido, coma o noso? Por non falar dos nosos peixes e as nosas carnes.

A mi non me gustan nada os "pratos combinados". E non me estou a referir a serie de televisión de galicia, senón á esa cousa extraña que as veces nos poñen para xantar e que case sempre leva polo medio unha salchicha e unha hamburguesa. O día que a mi me vexades comendo unha hamburguesa poderedes dicir que Ernesto Chao toleou, porque tendo a man como temos estes productos tan extraordinarios que da a nosa terra, é que non tería perdón.

Pero como a hora de xantar se acerca será mellor que deamos exemplo coa práctica e me deixe de tanta palabreria. E para rematar permitíreme que vos dea un consello. Desfrutade, comed, gozade e bailade, que como di un amigo meu, a vida son catro días, e xa estamos no terceiro.